

**SOLICITUDE DE PERMISO RETRIBUÍDO POR DEBER INESCUSABLE DE COIDADADO
DE PERSONAS NA EPIDEMIA DO CORONAVIRUS COVID-19**

Á dirección da empresa _____

D./D.^a _____, con NIF _____

con enderezo e demais datos persoal que xa lles constan por ser traballador ou traballadora deste concello, expoño:

PRIMEIRO. Que dadas as medidas preventivas en materia de saúde pública adoptadas en Galicia no Acordo do Consello da Xunta de Galiza do 12 de marzo de 2020 (DOG núm. 49-Bis, do 12/03/2020) e a na declaración do estado de alarma no Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19

SEGUNDO. En virtude da referida decisión administrativa, e na miña condición de pai, nai, titor legal, ou coidador de persoa dependente, véxome na obriga de atender á/ás persoa/as ao meu cargo, debendo ausentarme do traballo para poder dar cumprimento tanto aos meus deberes de patria potestade/tutela/coidado como ás medidas extraordinarias de distanciamento social acordadas pola Administración sanitaria para evitar a propagación da onda epidémica.

TERCEIRO. É de aplicación ao caso o artigo 37.3 d) ET e o artigo 117 da Lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia que concede aos traballadores e traballadoras un permiso retribuído polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público e persoal, así coma o artigo 110 do Código civil, que establece a obriga dos proxenitores de velaren polos seus fillos e fillas menores. Na actual situación de crise sanitaria, a necesidade de ausentarme do traballo ten ademais unha evidente dimensión pública, dado que a suspensión das actividades escolares obedece á necesidade de conter un risco inminente e extraordinario para a saúde de toda a poboación.

Polo exposto;

SOLICITO: Que se me permita ausentarme do traballo, con dereito a remuneración, polo motivo de atención persoal a menores ou dependentes, constitutivo de deber inescusable, e durante todo o tempo en que persista a actual situación de suspensión da actividade lectiva.

En _____, a _____ de marzo de 2020.

Asdo. O/A traballador/a: _____